



DATOS DO ESPAZO NATURAL

- CÓDIGO DO LIC:** ES1110005.
REXIÓN BIOCLIMÁTICA: Atlántica.
CONCELLOS: Camariñas, Arteixo, Cabana de Bergantiños, Carballo, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica, Muxía, Ponteceso e Vimianzo.
SUPERFICIE DO LIC: 12.094,43 Ha
SUPERFICIE MUNICIPAL EN REDE NATURA: 1.200,48 Ha
DATA INCLUSIÓN: 2001
OUTRAS DESIGNACIÓNS:
- IBA 004 Costa da Morte (Norte), incluída no inventario de SEO/Birdlife (1998).
 - Zona de especial protección para as aves (A Costa da Morte Norte, ZEPA ES0000176 xuño de 2003).
 - Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (2004).

DESCRICIÓN



O Concello de Camariñas sitúase ao noroeste da Península Ibérica, na provincia galega da Coruña.

A maior parte da costa deste municipio está incluída dentro do espazo natural protexido LIC Costa da Morte pola importancia dos ecosistemas mariños e da biodiversidade da flora e fauna existentes.

A paisaxe caracterízase pola alternancia de areais, praias de bolos graníticos e de zonas rochosas con impresionantes cantís.

É precisamente esta diversidade de formas da costa a que a fai de difícil e perigosa navegación. Ao longo da historia rexistráronse neste tramo costeiro máis de 20 naufraxios. Un punto especialmente trágico é a Punta do Boi, que se esconde baixo a espuma da rompente e ten provocado ao menos 11 naufraxios, entre eles o Iris Hull no 1833 con só un supervivente de 38 tripulantes e o do buque escola HMS Serpent no 1890 con 175 mortos que foron soterrados no Cemiterio dos Ingleses.



XEOMORFOLOXÍA

A morfoloxía da costa camariñana é o resultado da acción combinada de factores coma a ondata e os fortes ventos sobre as rochas, dando lugar á gran variedade de formas que imos encontrar representadas neste tramo costeiro.

Así, nun percorrido por esta impresionante paraxe, pódense distinguir pedras con figuras antropomórficas e zoomórficas coidadosamente modeladas, e lugares tan singulares coma as praias de bolos ou coídos, formadas por cantos rodados de gran tamaño, que serán a posterior fonte de sedimentos para a formación de praias e que son tan característicos desta zona.

Sen dúbida algunha, a figura xeomorfolóxica es-

trela de Camariñas é o Monte Branco, a duna remontante máis alta da península e unha das máis altas de Europa, con máis de 150 m de altura.



FLORA

A vexetación desta zona acada un desenvolvemento, variedade e estado de conservación tal que sitúa este LIC nos espazos naturais máis sobresaintes do noroeste peninsular.

Gran parte da área do LIC é do dominio da vexetación de acantilados e chairas costeiras como a herba de namorar (*Armeria pubigera subsp. pubigera*), endémica, e o perexil mariño (*Crithmum maritimum*). Xusto por encima destes hábitats a matogreira de breixos e toxos, de baixo porte e aspecto almofadado, constitúe a comunidade máis característica do espazo natural.

A vexetación propia de praias e dunas tamén posúe numerosos enclaves, como os areais da Pedrosa, Reira e Trece, cun grao de desenvolvemento e naturalidade que lle outorgan un gran valor ao espazo. Destaca a presenza da Caramiña (*Corema album*) na Praia de Trece ao lado do Monte Branco, onde se localiza o seu principal reduto en territorio galego. Estes ambientes albergan un gran número de especies endémicas pouco comúns, coma a *Iberis procumbens subsp. procumbens*, *Otanthus maritimus*, *Silene scabriflora subsp. gallaica*, *Linaria aguillonensis* e a ameazada *Omphaloides littoralis subsp. gallaica*, endémica da provincia da Coruña.



FAUNA


Este espazo natural é de elevado interese pola súa avifauna, e en particular polas súas poboacións de aves mariñas, que se concentran para nidificar principalmente nos illotes do Cabo Vilán.

O illote Vilán de Fóra é o lugar preferido para aniñar de varias especies en perigo de extinción como a gaivota tridáctila (*Rissa tridactyla*) e alberga as únicas colonias de cría españolas de arao común (*Uria algae*). Ademais, no seu entorno nidifica o paño pequeno (*Hydrobates pelagicus*) e o corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*) que mantén nesta zona unhas 250 parellas.

Non entanto, toda esta costa é unha área de tránsito regular e estacionamento de centos de miles de exemplares doutras especies de aves mariñas migradoras e invernantes (pardelas, mascatos, corvos mariños, álcidos, gaivotas, carráns...).



SINAIS DE SENDEIRISMO



| LENDA | |
|-------|---|
| | Principais Estradas |
| | Panel Informativo |
| | Faro Vilán |
| | Naufraixos |
| | Lugar para o avistamento de aves |
| | Complexo Turístico Aldea Madeira |
| | Praia con ducha |
| | Refuxio |
| | Paseo Marítimo |
| | Porto Deportivo |
| | Ruínas do Castelo do Soberano |
| | Mámoa de Reira |
| | Foxo dos Lobos |
| | Cemiterio dos Ingleses |
| | Mirador Alto da Vela |
| | Vistas do Cabo Vilán e da Ría |
| | Mirador Enseada da Basa |
| | Pedra do Oso |
| | Pedra dos Namorados de Reira |
| | Capela da Virxe do Monte |
| | Igrexa de San Xurxo (S. XVIII-XIX) |
| | Capela Virxe do Carme |
| | Igrexa de Santa María de Xaviña (S. XII) |
| | Campanario Ponte do Porto (S. XVIII) |
| | Capela de Santa Mariña (S. XII) |
| | Museo do Encaixe |
| | Museo do Alemán |
| | Centro de Interpretación dos Naufraixos e Faros |
| | Museo Etnográfico |
| | Pazo de Paxariña (Non visitable) |
| | Pazo de Mouzo (Non visitable) |

RECOMENDACIÓNS

- Non se permite a acampada en ningunha das súas modalidades.
- Recordar recoller o lixo e levalo a un lugar axeitado.
- Ir en silencio, permitíndose observar a fauna.
- Non se permite facer lume. Se ves fume chama ao 112 dos servizos de emerxencias.
- Observa a flora e a fauna sen danala nin arrincala, para que todos poidamos seguir gozando dela.

RUTA DO LITORAL
RC-2
GPS: N: 43° 11' 16.31" W: 9° 05' 24.58"

PERCORRIDO: Castelo do Soberano-Camelle
DURACIÓN: 5 horas
DISTANCIA TOTAL: 19 km
GRAO DE DIFICULTADE: Fácil

Permite contemplar a costa abrupta e escarpada característica da zona Rede Natura Costa da Morte. Comparte parte do recorrido coa Ruta Costa da Morte.

RUTA COSTA DA MORTE
PR-G38
GPS: N: 43° 7. 446' W: 9° 11. 76'

PERCORRIDO: Ruta circular, vai dende o Castelo do Soberano por Reira e o Cemiterio dos Ingleses e percorre unha parte do núcleo urbano de Camariñas.
DURACIÓN: 6 horas
DISTANCIA TOTAL: 22 km
GRAO DE DIFICULTADE: Medio

Gozaremos da paisaxe costeira, as construcións civís e etnográficas e as esculturas pétreas naturais máis relevantes de Camariñas. Comparte recorrido coa Ruta do Litoral.

RUTA DA ÍNSUA
RC-1
GPS: N: 43° 7. 870' W: 9° 9. 607'

PERCORRIDO: Ruta circular, transcorre por Xaviña.
DURACIÓN: 3'5 horas
DISTANCIA TOTAL: 8'5 km
GRAO DE DIFICULTADE: Fácil

Espectacular itinerario pola ría de Camariñas con fermosas e tranquilas praias, vistas da desembocadura do río e lugar privilexiado para a observación da avifauna característica da ría.

RUTA DOS MUÍÑOS
PR-G37
GPS: N: 43° 8. 347' W: 9° 6. 867'

PERCORRIDO: circular, transcorre por Ponte do Porto.
DURACIÓN: 1'5 horas
DISTANCIA TOTAL: 5 km
GRAO DE DIFICULTADE: Fácil

Apacible sendeiro pola ribeira do Río Grande. Xunto coa flora e fauna de ribeira atoparemos un dos recursos de maior interese na economía rural galega: os muíños.

TELÉFONOS

| | |
|-------------------------|-------------|
| Concello..... | 981 736 000 |
| Oficina de Turismo..... | 981 736 340 |
| Policía Local..... | 981 736 050 |
| Urxencias..... | 112 |

FESTAS E ROMARÍAS

| | |
|--------------------------------------|----------------------------|
| Mostra do Encaixe (Camariñas): | Semana Santa |
| San Pedro (Ponte do Porto): | 27-29 de xuño |
| Carme (Camariñas): | 15-18 de xullo |
| Festa da Praia (Xaviña):..... | 25 de xullo |
| Carme (Camelle): | Primeiro domingo de agosto |
| Santa Mariña (Xaviña): | 15, 16 de agosto |
| San Roque (Ponte do Porto): | 15, 16 de agosto |
| San Bartolo (Arou): | 22-25 de agosto |

Ao longo do verán celébranse numerosas sardiñadas, a festa do Caldo da Riola e outras festas gastronómicas.